

VOLUNTARIA INQUEDA E IMPLICADA

*"Para min sería moi difícil non ser un espírito libre,
desde pequena tiven curiosidade por todo,
con oito anos miraba o ceo vendo pasar os avións
e preguntábame a onde irían.*

*Eu quería ver o mundo e parecía-me que estudar
era importante, pero estar sentada unha perda de tempo,
porque precisaba tocar, sentir".*



Son de Navarra, levo dous anos por Galicia onde namorei de Samos. Estiven traballando con Artemia, unha señora con alzheimer de 80 anos que me permitiu coñecer a cultura galega a través dunha muller que o sabía todo.

Logo estiven un ano na Costa da Morte nunha aldea chamada Noutigos, experiencia interesante porque coñecín o campo: sei o que é podar, coñezo o sacho, o que é o fouciño, mimei árbores, teño ido por piñas, paseado moito, meditado, estiven tranquila. Unha experiencia moi positiva.

*"Gústame moito a antropoloxía do ser humano,
a psicoloxía do comportamento,
todo o que constitúe o ser humano.
Gústame a xente, os nenos, os adolescentes,
a xente maior, gústame o ser humano porque
todo o mundo ten moito que aportar
e eu aprendo continuamente dos demais".*

De pequena sempre quisen ser misioneira, e fíxeno á miña maneira, involucrada na axuda aos demais en contacto coas Misioneiras da Caridade Teresa de Calcuta en Madrid, por exemplo, vivindo seis meses coas mozas terminais de sida. Eu estaba sempre con elas, as terminais eran toxicómanas, comía e ceaba na súa compañía e iso non o facía ninguén. Iso durante o día, pola noite ocupábame do dormitorio das indixentes e un día entre semana iamos a un comedor a dar de comer a xente nova e maioritariamente estranxeira, foi unha experiencia forte.

Estiven tres meses facendo voluntariado no Perú, concretamente en Puerto Maldonado, na rexión Madre de Dios. Estaba vivindo nun fogar de nenos e nenas abandonados, maltratados e violados entre os 15 días e os 18 anos. Vivías alí e non tiñas máis espazo, algunha das compañeiras non o soportou e marchou. É moi forte, hai moitas enerxías e está todo a flor de pel, calquera cousa que fagas non sabes como van responder, é todo un pulso, as adolescentes bótanche un pulso permanente coas miradas, coas palabras, coas actuacións, pero sempre tes que pararte a respirar e pensar que son persoas maltratadas desde o nacemento.

Ves enganchada de alí e sufrindo tamén, porque dependendo do grao de sensibilidade hai persoas que despois teñen que recibir asistencia psicolóxica, tes que aceptar aquello con normalidade para poder vivir, aceptar que os más vulnerables son os nenos pero que alí a súa vida non ten valor. É un país absolutamente machista onde o preservativo non existe, que o home lle pegue unha malleira todos os días á súa muller é o habitual, onde as primeiras fillas das mulleres son de violacións, respírase, vese o machismo, e inda que comeza a haber asociacións queda moito por facer.

"E eu ás veces pregúntome: Por que non puedo ser como as miñas amigas? Ter un home, casar con el, vivir no pobo toda a vida, ter os fillos, agora netos... En ocasións foron tales presións externas e da propia familia, cuestionando a onde ía, dicindo que facía tolemias, pero é que eu son así. Até que te aceptas tes altos e baixos, dúbidas. Pero son unha loitadora, e teño loitado polas ideas, polos principios e por min mesma".